



Tralos documentos “Bibliotecas escolares abertas” e “Carta de navegación curso 20/21” remitidos aos centros PLAMBE para orientar o remate do curso 2019/20 así como o enfoque das liñas prioritarias para o curso 2020/21, actualízase a “Carta de navegación” con algúns aspectos a valorar na planificación da biblioteca para o ano académico 2020/21, que deberá ficar sempre supeditada ás instrucións que a Consellería de Cultura, Educación e Universidade dite para os centros no seu conxunto.

#bescolaresgalAbertas - Carta de navegación curso 20/21

Actualización de setembro de 2020

Esta é unha revisión do documento de xuño de 2020 a partir das Instrucións de 1 de setembro de 2020 da Dirección Xeral de Centros e RR. HH. en relación coa organización e funcionamento das bibliotecas escolares e o Protocolo de adaptación ao contexto da covid- 19 nos centros de ensino da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

O protocolo das normas e condicións de acceso e uso das instalacións da biblioteca escolar debe ser aprobado polo Equipo Covid-19 de cada centro.

- **Planificar unha nova formación de usuarios** , implicando ao alumnado voluntario (que graven titoriais e fagan a cartelería para difundir...) coas normas básicas de uso da biblioteca:
 - Lavar as mans (*presenza de dispensadores de solución hidroalcohólica, baixo supervisión*)
 - *Usar a protección facial estipulada (máscara/pantalla)*
 - Manter a distancia de seguridade
 - Solicitar os materiais (*as familias usuarias poderán solicitalos por vía electrónica e serán recollidos polos seus fillos e fillas*)
 - Manipular só os recursos necesarios (*evitarase o uso compartido de materiais*)
 - Utilizar os postos habilitados (*desinfección do espazo utilizado por parte do usuario*)
 - Seguir os circuítos de circulación establecidos
 - Devolver os préstamos na caixa habilitada (*na que deben permanecer un prazo de 4 horas como mínimo*)
 - Devolver as mochilas viaxeiras no espazo indicado
 - *Respectar o aforo máximo indicado*

- **Mobilizar e informar:** a biblioteca pódese e débese usar (*planificación dos distintos escenarios que se poidan dar ao longo do curso*)



#bescolaresgalAbertas - Carta de navegación curso 20/21

- Manter o sentido da “**biblioteca, viveiro de cidadanía**” , seguir mantendo contacto coa comunidade e traballo grupal, aínda na distancia (*Promoveranse situacións pedagóxicas que favorezan unha metodoloxía de aprendizaxe activa*)
- Reforzar o traballo das competencias **ALFIN e AMI**
- Reforzar o traballo cos **medios de comunicación** e a identificación das noticias falsas
- Poñer a disposición do alumnado que o precise os **recursos tecnolóxicos** da biblioteca
- Difundir recursos e contidos a través dos **blogs e webs** (lectura, ALFIN, AMI, radio, creación...), respectando os dereitos de autoría e a protección de datos (*Actualizarase o espazo web da biblioteca como un instrumento esencial para a comunicación co alumnado e as familias*)
- Adaptar o **Plan Anual de Lectura (PAL)** ao novo contexto educativo
- Crear situacións en que os lectores e lectoras se atopen con **contidos culturais** en diferentes soportes e formatos
- Reforzar a función da biblioteca no referente á **selección de recursos**

En relación co uso da biblioteca nos recreos e en período extraescolar, cada centro planificará o seu protocolo en función dos recursos humanos e materiais.

No referente á participación das familias, cada centro deberá estudar as fórmulas máis axeitadas para procurala.

Esta é una oportunidade para facer a nosa biblioteca máis sustentable e accesible:

- *Eliminar os plásticos evitando forrar os libros (o plástico aumenta o período de corentena), evitar no posible o uso de cintas plásticas ou vinilos para a sinalizar a circulación ou os postos e espazos non habilitados. Realizar está sinalización con materiais en relevo que faciliten o acceso ás persoas con dificultade visual.*
- *Eliminar o papel na publicación de normas, trípticos... editando vídeos ou audios (empregar lingua de signos ou pictogramas se é preciso).*